

Novo misterio en Chans

Entereime de que á volta das vacacións ímonos atopar cun montón de sorpresas!

Eu preguntalle a Fidel pero non me conta nada, non se quere mollar...

Pois coa que vai caer ímonos empapar todos... Desta non se libra ningún!!

mmmmmm

Non sei que será, pero eu tamén teño a sensación de que algo se está cocendo na escola.

Que nooon, xa volo dixen!!

Pero si só teñen que entrar nos **blogues!**
Están cheos de pistas!!

Oiches? Que xenial! Seguro que é cousa do Trasno...

E non será que os profes queren poñer máis deberes?

É que hai que ir a todos para ver todas as pistas!!

Pois eu xa quero volver pronto á escola para descubrir todas estas sorpresas!

Pois eu entrei no blogue de inglés e no da biblio e ao principio non entendía nada...

QUE NERVIOOOOS!!
Que será o que pasaaa?!!

Vémonos á volta!!
BOAS VACACIÓNS!!


EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA — EQUIPO DA BIBLIOTECA
CEIP. de CHANS-BEMBRIVE

CEIP. de Chans-Bembrive

Nº 10 - Decembro 2012

Equipo de Dinamización da Lingua Galega
Equipo da Biblioteca


A Xaneliña



Tempo de Nadal, tempo de ilusión.
Na casa,
xunto irmás ou irmáns,
cos maiores, cos pequenos,
cos de sempre, cos novos
cos de lonxe...
con ninguén.
Nas rúas, nas tendas,
nos xogos, no lugar...
coa veciñanza,
coas amizades,
cos descoñecidos,
cos de aquí e cos de acolá.
Sós ou en compañía,
tempo de Nadal,
Ledicia, sorrisos
tristeza, bágoas...
morríña, soidade...
Rebulir de sentimentos e emocións,
TEMPO DE NADAL.



Música para o NADAL...



Os libro-discos-dvd '**Bicos de Música**' de Mamá Cabra e o proxecto **María Fumaça** están arrasando polo país enteiro e converténdose nun dos agasallos predilectos para estes días nos que os libros non deben faltar debaixo da árbore.

Galaxia Editorial/ Sonárbore





Para os máis pequenos...




Conto cinco sentidos. OQO editores.

O avó di que os ollos son dúas ventás para asomarse ao mundo. Eu asómome e sinalo cada cousa que vexo. Sempre hai alguén que me di o que é.

Eric Carle

O ARTISTA
QUE
PINTOU
UN
CABALO
AZUL




A liberdade creativa, o xogo cromático e o oficio do artista, contado para os máis cativos e en homenaxe a un dos pais do expresionismo pictórico.

Para os pequenos...




Se eu fose un gato. OQO editores.

Que pasaría se foses un gato? A resposta á pregunta coa que dá comezo o relato de Paloma Sánchez Ibarzabal abre un abano de divertidas posibilidades que dan orixe a este gracioso álbum (e ao seu título).



Que tal estás? Ed. Kalandraka


Aburridos, contentos, tristes... Un álbum sobre a expresión das emocións infantís a base de palabras e imaxes sinxelas, xogos cromáticos e tipográficos; que favorece o autocoñecemento e a socialización dos máis pequenos.



Artur e Clementina. Kalandraka

Da sonada colección "A favor de las niñas", unha historia fabulada que reivindica o rol feminino na sociedade, combate os estereotipos sexistas e denuncia a discriminación. Porque aínda se necesitan obras sobre coeducación e igualdade.

Para os que non son tan pequenos...




A nube de Martín. Ed Kalandraka

Un rapaz soñador e unha nube que todo o fai posible, desde xogar a ser fareiro, ata explorar a selva máis afastada.


Tita. Ed. Everest Galicia

Tita é a terceira avoa que teñen moitos nenos. Ela coída da casa e de todas as persoas que nela viven. Un día, Fina descobre que a Tita xa non está con eles e énchese de tristeza porque non sabe onde pode estar ou que lle puido pasar. A preocupación, pouco e pouco, vai dando pasa á sorpresa e, logo, á alegría




O cabaleiro Pepino. OQO editora

Pepino pensa que converténdose en valente cabaleiro será digno do amor da princesa Rigoberta. Logo de moitas andainas e aventuras nas que vai sacando de apuros a quen atopa polo camiño, Pepino chega ao castelo cunha pinta estafalaria e pouco cabaleirosa; non consegue trofeos de guerra, pero a súa bondade e xenerosidade terán felices consecuencias.




Chis Chisgarabís Ed. Tambre

Cando anoitece, as criaturas do bosque comezan a súa actividade nocturna. Entre eles, os chisgarabís, uns trasnos rebuldeiros. Chis é un chisgarabís que, ser embargo, non é coma os demais. Intenta ocultarse, pasar desapercibido, pero así non é Feliz. Da necesidade de aceptarse e do amor en circunstancias difíciles fala este libro.



Para os maiores...



A escola de Briador. Ed. Everest

Un asunto familiar do inspector de Policía é a orixe desta peculiar escola. O trasno Briador convoca os seus compañeiros e compañeiras co fin de impartirlles un curso intensivo, que lles permita coñecer o seu pasado para espartar neles a ilusión por recuperar a sona de tunantes e enredantes agora perdida.

E Xoel aprendeu a voar. Ed. Alfaguara

E Xoel aprendeu a voar, de Marica Campo, conta a historia dun rapazolo de 13 anos que se chama Xoel. Xoel apenas ten vida fóra da PSP e da arañeira. Vive pegado ao computador e esta vida complicaase co misterio do Merlo Branco. Intriga ata o final.



Corazón de pedra. Ed Oxford

Todos os nenos teñen un animal preferido e os de Brenda son os dragóns. Tras ler moitos libros sobre o tema, Brenda sabe perfectamente como eran os dragóns e non consegue entender por que desapareceron. Ao chegar as vacacións de verán, a protagonista e os seus pais via-xan a unha casa rural. Alí descubrirá unha antiga historia sobre un dragón.

